

ASISTENTES

Dafonte Gómez, Alberto (PDI-A)
Ferreiro Vázquez, Óscar (PDI-B)
Garrido Suárez, Carlos (PDI-A)
Gómez Rodríguez, Alma María (PDI-A)
González Santamaría, Pedro (PDI-B)
Isorna Folgar, Manuel (PDI-B)
Michinel Álvarez, Miguel Ángel (SECRET.)
Novás Míguez, Javier (PAS)
Reigosa Roger, Manuel Joaquín (PRESID.)
Ríos Santomé, María José (PAS)

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do día 31 de xaneiro de dous mil vinte dous, convocada ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 09:45 en segunda.

O día **31 de xaneiro de 2022** ás 09:30 h. deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral, presidida polo reitor, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do venres 10 de decembro de 2021

O reitor indica que non se recibiron alegacións á acta enviada, polo que pide que se aprobe por asentimento.

Apróbase por asentimento a acta.

2. Aprobación, se procede, do calendario de eleccións ao reitor/a e ao Claustro Universitario.

O reitor aclara que o calendario é moi parecido ao de fai catro anos, agás pola Semana Santa, e cede a palabra ao secretario xeral, que pasa a expoñer ambos calendarios (en resaltado, ambos; sen resaltar só reitor/a):

- **18/02/2022: Publicación dos censos provisionais**
- **21/02/2022 ao 25/02/2022: Prazo de reclamación aos censos provisionais**
- **11/03/2022: Publicación dos censos definitivos**
- **14/03/2022 o 18/03/2022: Prazo de presentación de candidaturas**
- **28/03/2022: Proclamación provisional de candidaturas**
- **29/03/2022 ao 31/03/2022: Prazo de reclamacións ás candidaturas provisionais**
- **5/04/2022: Proclamación definitiva de candidaturas**
- 6/04/2022 ao 13/04/2022: Presentación do equipo e liñas xerais do programa
- **19/04/2022 ao 2/05/2022: Campaña electoral**
- **3/05/2022: Xornada de reflexión**
- **4/05/2022: Votación**
- **5/05/2022: Proclamación provisional de resultados**
- **6/05/2022 ao 10/05/2022: Prazo de reclamación aos resultados provisionais**
- **11/05/2022: Proclamación definitiva de resultados**
- 23/05/2022: Votación (en segunda volta, se procede)
- 24/05/2022: Proclamación provisional de resultados

- 25/05/2022 ao 27/05/2022: Prazo de reclamación aos resultados provisionais
- 30/05/2022: Proclamación definitiva de resultados.

Apróbanse ambos calendarios por asentimento.

3. Aprobación, se procede, das modificacións no procedemento de eleccións a reitor/a e ao Claustro Universitario.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, que pasa a expoñer o seguinte:

Engádesse a seguinte introducción: *“Á vista de que, con posterioridade á última modificación do presente procedemento, que tivo lugar o 8 de febreiro de 2018, entraron en vigor diversas normas que indican no mesmo, sinaladamente, os novos Estatutos da Universidade de Vigo e o Regulamento Electoral Xeral (REX), ambos do 2019, xunto cos regulamentos sobre administración electrónica e a implementación das funcionalidades técnicas derivadas dos mesmos, novidades todas elas ás que este instrumento debe axustarse, así como co obxecto de clarear a aplicación do REX en relación coas vindeiras eleccións a reitor/a e a representantes do claustro, a celebrar conxuntamente no 2022, e en resposta, finalmente, a diversas peticións de interpretación a tal efecto, os membros da comisión electoral consideran necesario actualizar o presente procedemento, así como extender o seu ámbito de xeito que inclúa non só as eleccións a reitor/a senon tamén a representantes no Claustro Universitario (reguladas por un acordo da comisión electoral de 17/02/2012)”*.

Artigo 1: engádesse o seguinte punto (2) respecto do Claustro Universitario:

2. O Claustro Universitario está integrado por 251 membros que, excluindo os natos que indica o artigo 12.2º dos Estatutos, se elixirán nos diversos sectores da comunidade universitaria, mediante sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto, coa seguinte composición numérica dos sectores indicados:

- a) 128 representantes do profesorado doutor con vinculación permanente á universidade (51 %), dos que se restarán os/as xa membros natos,*
- b) 22 representantes do restante persoal docente e investigador (9 %)*
- c) 63 representantes do estudantado (25 %)*
- d) 38 representantes do persoal de administración e servizos (15 %)*

Artigo 2: cambian as porcentaxes das eleccións a reitor/a para axustalas aos novos Estatutos.

Artigos 4 e 5: limitan o seu significado ás eleccións á reitor/a e se insiste no apoio necesario para acadar a proclamación.

Artigo 6: inclúe as porcentaxes que establecen os Estatutos cara as eleccións de representantes do Claustro, segundo os Estatutos e o REX.

Artigo 7: aclara que, segundo os Estatutos, a comisión electoral está presidida polo reitor/a, que pode delegar nun/ha vicereitor/a.

Artigo 8: fai unha referencia aos Estatutos en relación coas competencias da comisión electoral.

Diversos artigos: actualízase a referencia ás publicacións que, tras a entada en funcionamento do mesmo, se farán “*no taboleiro electrónico oficial e, opcionalmente, no taboleiro electoral do centro respectivo*”: **9.1º, 9.5º, 13.2º, 15.1º**

Diversos artigos: cambian para aclarar que a presentación de solicitudes será “*a través da sede electrónica ou presencialmente nas oficinas de asistencia en materia de rexistro de calquera dos tres campus*”: **9.3º, 14.2º, 15.2º, 17.1º**

Artigo 9.2º: as decisións da comisión electoral se notifican só cando sexan desestimatorias.

Artigo 9.6º: segundo os novos Estatutos, non participan nas eleccións nin o alumnado de centros adscritos, nin o de intercambio. O alumnado do PUM participa só nas eleccións a reitor/a.

Artigo 10.2º: axústase á última modificación do REX aprobada no Claustro, eliminando a referencia á adscrición por circunscricións procedente da anterior redacción do artigo 3 REX (agora regulada no artigo 15 REX).

Artigo 10.1º y 3º: como os requisitos para ser elector se definen no artigo 3 REX, e a adscrición por circunscricións no artigo 15 do REX, se inclúen tales referencias no procedemento, sobrando entón o resto do artigo 10, que se elimina.

Artigo 10.4º: indica o que corresponde no caso das eleccións a representantes do Claustro, segundo os Estatutos e o REX.

Artigo 11: se subliña que o calendario das eleccións á renovación total do Claustro (que debe aprobar o CG, segundo os Estatutos) e a reitor/a deben coincidir.

Artigo 12: se axusta ao disposto nos Estatutos, sobre a convocatória extraordinaria de eleccións a reitor/a.

Artigo 13: a convocatoria se axusta tanto ás eleccións de reitor/a como de Claustro.

Artigo 14: inclúe a referencia á condición de elector, que se atopa no artigo 4 REX, así como o réxime das candidaturas, que se atopa no artigo 27 REX. Polo tanto, o resto do artigo se elimina do procedemento.

Artigo 16: a referencia ao artigo 32 REX permite suprimir parte deste precepto.

Artigo 17: a campaña electoral rexerase polo artigo 29 REX, debendo distinguir as peculiaridades da elección a reitor/a (presentación do equipo e liñas do programa).

Artigo 18: elimínase a referencia ás competencias da Xunta electoral, porque xa figuran no REX, e se puntualiza que os seus membros deben pertencer á respectiva xunta de centro, segundo á última modificación do REX.

Artigo 19: inclúese a remisión á regulación das mesas electorais nos artigos 30 e 31 do REX, clarexando o funcionamento da mesa da Reitoría para o PAS.

Artigo 20: desaparece a mención ao sorteo específico do PAS, por non encaixar nestas eleccións, e o seu parágrafo terceiro se traslada (non se elimina).

Artigo 21: se eliminan as mencións, que xa figuran no REX, relativas aos interventores, aclarando as súas incompatibilidades, e trasladando aquí o parágrafo tres do artigo 20 (no parágrafo quinto).

Artigo 22: se subliña a necesidade de que as papeletas se axusten ao previsto nos Estatutos cando a elección a reitor/a sexa con candidatura única, remitíndose, para todo o demais, ao previsto no artigo 33 do REX.

A votación axustarase ao previsto nos artigos 34, 35, 36 e 37 do REX, o que permite suprimir os artigos 22 a 26 do procedemento.

Artigo 23: o escrutinio se axustará aos artigos 38 a 42 do REX, de xeito que os seus últimos parágrafos se eliminan.

Artigo 24: se inclúen os cocientes de ponderación, axustados ao REX e os Estatutos.

Artigo 25: inclúe unha referencia á proclamación de persoas electas no Claustro, tanto provisional, que se fará segundo o artigo 54.6º REX, como definitiva. Asemade, na elección de reitor/a se engade a referencia ao suposto de candidatura única.

Disposición adicional: establece o carácter xeral e subsidiario dos Estatutos e do REX, respecto do presente procedemento.

Disposición final: *“sen prexuízo da súa eventual ratificación polo Claustro da Universidade de ser preciso, os cambios introducidos no presente procedemento entrarán en vigor tras ser aprobados pola comisión electoral e serán de aplicación, en particular, aos procesos incluídos no seu ámbito material que se convoquen a partir de tal momento”.*

Esta cláusula ten unha dobre función: a) por unha banda, permite que os cambios se apliquen desde a convocatoria das eleccións; b) por outra banda, faculta ao Claustro a introducir os cambios que resultase necesario no REX á raíz da aprobación deste procedemento pola comisión.

Apróbanse as modificacións por asentimento.

4. Aprobación, se procede, da situación das mesas electorais para o sector de PAS e do PDI-B nas eleccións a reitor/a e ao Claustro Universitario.

O reitor indica a distribución das mesas do PAS, que sería a seguinte:

OURENSE

- Facultade de Historia: todo o PAS do campus.

PONTEVEDRA

- Facultade de Belas Artes: todo o PAS do centro e da Casa das Campás.
- Escola de Enxeñaría Forestal:
todo o PAS do centro,
todo o PAS da Facultade de CC. Sociais e da Comunicación,
todo o PAS da Facultade de Fisioterapia,
todo o PAS dos servizos centrais de Pontevedra,
todo o PAS da Biblioteca Central de Pontevedra.
todo o PAS da Facultade de CC. da Educación e do Deporte
todo o PAS do Pavillón de Deportes

VIGO

- Facultade de Filoloxía e Tradución: todo o PAS do centro.
- Facultade de Bioloxía:
todo o PAS do centro,

- todo o PAS da Facultade de CC. do Mar,
- todo o PAS da Facultade de Química.
- todo o PAS do CACTI/CINBIO.
- Facultade de CC. Económicas e Empresariais:
 - todo o PAS do centro,
 - todo o PAS da Facultade de CC. Xurídicas e do Traballo e todo o PAS da Biblioteca Universitaria.
- Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía:
 - todo o PAS do centro,
 - todo o PAS da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación,
 - todo o PAS da Escola de Enxeñaría Industrial (sede campus),
 - todo o PAS do edificio ampliación Telecomunicacións- Minas
 - todo o PAS do Edificio Fundición.
- Edificio Exeria (Reitoría):
 - todo o PAS dos do edificio da reitoría,
 - todo o PAS do edificio xerencia-servizos centrais
 - todo o PAS do edificio Miralles,
 - todo o PAS do Servizo de Deportes.
 - todo o persoal do parque móbil de Vigo
- E.U. de Estudos Empresariais:
 - todo o PAS do centro,
 - todo o PAS da Escola de Enxeñaría Industrial, sede cidade.
 - todo o persoal de TORALLA.

O reitor indica asemade a distribución de mesas de PDI-B, agrupadas como segue:

B.1) Fac. de Historia e Fac. Ciencias Educación - Ourense
B.2) Fac. de Ciencias, E.S. de Enxeñaría Informática, Ese.Enx. Aeronáutica e do Espazo e CITI - Ourense
B.3) Fac. de Dereito e Fac. De CC. Empresariais e Turismo - Ourense
B.4) Fac. de Belas Artes e Fac. de CC. da Educación e do Deporte - Pontevedra
B.5) Fac. de CC. Sociais de da Comunicación, Escola de Enxeñaría Forestal e Facultade de Fisioterapia - Pontevedra
B.6) Fac. de Filoloxía e Tradución, Fac. de CC. Económicas e Empresariais, Fac. de CC. Xurídicas e do Traballo e E.U. de Estudos Empresariais - Vigo
B.7) Fac. de Bioloxía, Fac. de CC. do Mar e Fac. de Química, TORALLA, CACTI/CINBIO - Vigo
B.8) Escola de Enxeñaría Industrial - Vigo

B.9) Escola de Enxeñaría de Minas e de Enerxía e Escola de Enxeñaría de Telecomunicación - Vigo

Apróbanse as distribucións das mesas de PAS e PDI-B por asentimento.

5. Delegación, se procede, na secretaría da Comisión Electoral da elaboración dos censos provisionais.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, que solicita que se delegue na Secretaría a elaboración dos censos provisionais, como é habitual.

Delégase por asentimento.

6. Delegación, se procede, na secretaría da Comisión Electoral do modelo de candidaturas e outros asuntos de trámite previstos no Regulamento Electoral Xeral.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, que solicita que se delegue na Secretaría a elaboración do modelo de candidaturas e outros asuntos que resulten de trámite.

Delágase por asentimento

7. Quenda de intervencións.

Non hay intervencións

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:15 h do día 31 de xaneiro de 2022, da que eu como secretario xeral dou fe co visto e prace do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral

O secretario da Comisión Electoral